

## MANIFESTO 25N 2021



### FARTAS, PERO IMPARÁBEIS!

Atopámonos finalizando o ano 2021 e continuamos igual ou peor que en anos anteriores no que se refire á violencia machista. O tempo pasa; a situación crítica das mulleres neste mundo, non. En concreto, no Estado Español, no ano 2020 foron asasinadas 45 mulleres e, no que vai de ano 2021, a 13 de outubro de 2021, foron asasinadas 36 mulleres, deixando a 21 menores orfos. Se facemos unha análise das idades nas que se sitúan estas mulleres asasinadas flutuan entre 25 a máis nova e 81 anos a maior. Son mulleres de xeracións moi afastadas no tempo pero achegadas no xeito de rematar as súas vidas. A violencia machista non sabe de idade nin de xeracións, como podemos comprobar. Este problema social non está resolto nin se ten aínda a suficiente conciencia sobre el como para poder denunciálo no momento no que se percibe dun xeito persoal ou achegado (ata maio de 2021 só un 6,2% de denuncias ao 016 eran de familiares das vítimas).

Os maltratadores seguen soltos, impunes nunha sociedade que só os acusa cando xa quitaron a vida á súa parella, exparella, ou aos seus fillos e fillas. Aí xa se chega tarde. Non son inocentes que nun momento dado perden a razón e non saben o que fan senón que o planifican e o executan perfectamente. Non poden aturar que a muller xa non estea baixo o seu dominio e, se para que teña un sufrimento maior ten que quitarlle a vida aos seus propios fillos e fillas, farao. Ninguén pode dicir que era un bo pai, como sentimos ás veces **NON!!** Un maltratador endexamais pode ser un bo pai. A violencia vicaria levouse a 40 inocentes dende 2014.

A modificación legal para protexer aos menores vítimas de violencia vicaria é a nova Lei de Protección á Infancia que entrou en vigor este xuño pasado e prevé que, nos casos de violencia de xénero, se suspenda o réxime de visitas dos presuntos maltratadores se se dita unha orden de protección para a nai e existen indicios de que os menores presenciaron o maltrato. Pero,

que ocorre cando non hai denuncia de por medio?, como se coida a esa muller e aos seus fillos e fillas? Por iso hai que apoiar a todas as vítimas de violencia machista coa seguridade de que exista un amparo legal e social real. A moitas mulleres fáltalles seguridade e confianza porque non ven que o único camiño para salvagardar a súa vida e a da súa descendencia é a **DENUNCIA**.

As mulleres continuamos a ser o obxectivo principal das frustracións de moitos homes que ven ás súas compañeiras ou excompañeiras como febles e doadas de controlar. No momento no que senten que perden ese control, xurde a ira, o odio, ...

Un caso próximo témolo na illa de **A Palma**, xunto á situación de incerteza que padecen as persoas afectadas pola catástrofe natural provocada polo volcán, súmase un acrecentamento de chamadas ao *Servizo de Atención a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero* nun 60% dende que comezou a erupción.

Podemos tamén falar de **Afganistán** e a situación lamentábel na que se atopan as mulleres, ás que se lles riparon todos os seus dereitos e perderon todo o seu valor como persoas.

En **Colombia** hai case 680.000 mulleres que pertencen a diferentes grupos étnicos, e das cales a maioría están vivindo en condicións nada favorábeis. No conflito armado identificáronse 261.476 mulleres que foron vítimas de violencia machista; de elas, o 3,88% tiña algunha discapacidade e o 27,66% eran nenas ou mozas.

**India** segue a ser o país máis perigoso para as mulleres, cun alto risco de violencia sexual e escravitude laboral.

En **Somalia**, ao redor do 98% das mulleres sufriron mutilación xenital e son usadas para procrear ata que os seus corpos resisten.

Estes son só algúns exemplos de violencias sobre a muller entre tantos existentes ao longo e ancho do planeta. Lonxe de ser erradicadas, pese a que cada vez máis mulleres alzamos a voz para dicir **ABONDA XA!**, continúan e non rematarán ata que existan xeracións concienciadas e formadas en igualdade, conseguindo o respecto cara á muller dun xeito real e non coma unha utopía.

**AS MULLERES ESTAMOS:**

**-FARTAS DE QUE NOS MATEN**

**-FARTAS DE QUE MATEN Á NOSA DESCENDENCIA**

**-FARTAS** DE TER MEDO DE SAÍR SOAS Á RÚA

**-FARTAS** DE QUE CUESTIONEN COMO VESTIMOS

**-FARTAS** DE QUE NOS DIGAN O QUE TEMOS QUE FACER E COMO

**-FARTAS** DE QUE NOS DIGAN QUÉ TEMOS QUE PENSAR E CÓMO

**FARTAS...FARTAS...FARTAS...PERO IMPARÁBEIS!!**

LEMBRA QUE NON ESTÁS SOA:

-TELÉFONO: 016

-CORREO ELECTRÓNICO: [016-online@igualdad.gob.es](mailto:016-online@igualdad.gob.es)

-WHATSAPP: 600 000 016